

ACTA NÚM. 13 - DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN QUE TIVO LUGAR O DÍA 20 DE SETEMBRO DE 2018.

No Salón de Sesiós da Casa Consistorial do Excmo. Concello de Santiago de Compostela, cando son as **15:35 horas** do día **20 de setembro de 2018**, constitúese o Pleno da Corporación en primeira convocatoria de sesión ordinaria.

A S I S T E N:

Don Martiño Noriega Sánchez, **alcalde-presidente**.

Concelleiros/as:

Compostela Aberta (CA):

Dona María Rozas Pérez.
Don Jorge Carlos Duarte Vázquez.
Dona Branca Petra Novo Rey.
Don Xan Xesús Duro Fernández.
Dona Concepción Fernández Fernández.
Don Manuel DíosDiz.
Dona Marta Irene Lois González.
Don Rafael Peña Vidal.
Dona Noa María Morales Sánchez.

Partido Popular (PP):

Don AgustínHernández Fernández de Rojas.
Don Alejandro Sánchez-Brunete Varela.
Dona María Ángeles Antón Vilasánchez.
Dona María JoséCorral López.
Don Manuel Martínez Varela.
Dona Teresa María Gutiérrez López.
Dona M^a Teresa Cancelo Márquez.
Don Claudio Ricardo MontielCarracedo.

Partido Socialista de Galicia (PSdeG-PSOE):

Don Francisco ReyesSantiás.
Don Gonzalo Muíños Sánchez.
Dona María Milagros Castro Sánchez.

Bloque Nacionalista Galego (BNG):

Don Rubén Cela Díaz.

Dona María Goretti Sanmartín Rei.

Dona Ana Gago Fernández, **viceinterventora do Concello.**

José Ramón Alonso Fernández, **secretario xeral do Pleno do Concello de Santiago de Compostela.**

Non asiste a concelleira, Dona M^a José Castro Carballal.

ORDE DO DÍA:

1. Aprobación, se procede, das actas correspondentes:

Sesión extraordinaria e urxente do día 19 de xullo de 2018, núm. 10.

Sesión ordinaria do día 19 de xullo de 2018, núm. 11.

Sesión extraordinaria e urxente do día 26 de xullo de 2018, núm. 12.

2. Toma posesión do cargo de concelleiro de Don Antón Barba Pereira (PSdeG-PSOE).

3. Aprobación definitiva da modificación puntual do plan xeral de ordenación municipal (PXOM) para o sinalamento das aliñacións na N-525. Tramo I. Núcleo da Susana.

4. Aprobación definitiva da modificación puntual do plan xeral de ordenación municipal (PXOM) e do plan especial do Campus Universitario (PE-8), no ámbito do equipamento universitario (EU-2). Grupo de vivendas de San Ignacio de Loyola.

5. Proposición do grupo municipal do BNG, para mudar, de urxencia, o caduco globo presostático que cobre a piscina de Sar.

6. Proposición do grupo municipal do Partido Popular, sobre a necesidade de revisar o exercicio da potestade sancionadora no Concello.

7. Proposición do grupo municipal do PSdeG-PSOE, sobre o estudo dunha rebaixa fiscal para o exercicio de 2019.

8. Ratificación de resolución da alcaldía de data 3 de agosto do corrente ano, de interposición de recurso de casación contra a sentenza da Sala do Contencioso Administrativo do TSX de Galicia en PO 25/2016.

9. Dar conta de resolucións da alcaldía de 30 de xullo de 2018 designando alcaldesa en funcións e de 2 de agosto de 2018 de nomeamento de concelleiro secretario suplente terceiro da Xunta de Goberno.

10. Dar conta de resolucións da alcaldía e das concellarías delegadas e acordos da Xunta de Goberno Local.

11. Rogos, preguntas e interpelacións.

Rogos:

Do grupo municipal do BNG de data 10 de setembro de 2018, núm. 226.

Do grupo municipal do BNG de data 10 de setembro de 2018, núm. 227.

Do grupo municipal do BNG de data 12 de setembro de 2018, núm. 233.

Do grupo municipal do Partido Popular de data 12 de setembro de 2018, núm. 235.

Do grupo municipal do Partido Popular de data 12 de setembro de 2018, núm. 236.

Do grupo municipal do Partido Popular de data 12 de setembro de 2018, núm. 237.

Preguntas resposta oral:

Do grupo municipal do PSdeG-PSOE, de data 29 de agosto de 2018, núm. 223.

Do grupo municipal do Partido Popular de data 12 de setembro de 2018, núm. 238.

Do grupo municipal do Partido Popular de data 12 de setembro de 2018, núm. 239.

Do grupo municipal do Partido Popular de data 12 de setembro de 2018, núm. 240.

Do grupo municipal do BNG de data 12 de setembro de 2018, núm. 242.

Preguntas resposta por escrito:

Do grupo municipal do BNG de data 29 de agosto de 2018, núm. 222.

Do grupo municipal do Partido Popular de data 6 de setembro de 2018, núm. 224.

12.- Toma en consideración de mocións presentadas polos grupos municipais:

Rexistro de entrada do día 10 de setembro de 2018, núm. 228, presentada polo grupo municipal do BNG, para axilizar a concentración parcelaria de Vilvestro II-Figueiras.

Rexistro de entrada do día 10 de setembro de 2018, núm. 229, presentada polo grupo municipal do BNG, para realizar un plan integral destinado a mellorar a seguranza viaria en Conxo.

Rexistro de entrada do día 11 de setembro de 2018, núm. 230, presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE, para instar a Augas de Galicia a realizar unha actuación integral, a desenvolver con carácter urxente, de limpeza e drenaxe do río Sarela.

Rexistro de entrada do día 12 de setembro de 2018, núm. 234, presentada polo grupo municipal do BNG, para sinalizar os lugares do roteiro das Irmandades da Fala creado pola agrupación cultural O Galo.

Rexistro de entrada do día 12 de setembro de 2018, núm. 241, presentada polo grupo municipal do Partido Popular, sobre a mellora ambiental e urbanística no contorno do viaducto da Avda. Antón Fraguas, entre Cornes e Pontepedriña.

Antes de entrar no estudo dos asuntos que conforman a orde do día gárdase un minuto de silencio polas vítimas da violencia machista.

A continuación comezase a tratar os asuntos incluídos na orde do día.

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS CORRESPONDENTES:

SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DO DÍA 19 DE XULLO DE 2018, NÚM. 10.

SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 19 DE XULLO DE 2018, NÚM. 11.

SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DO DÍA 26 DE XULLO DE 2018, NÚM. 12.

O Pleno da Corporación por unanimidade dos/as concelleiros e concelleiras presentes, aproba as actas correspondentes ás sesións extraordinarias e urxentes dos días 19 e 26 e ordinaria do día 19, todas do mes de xullo do corrente ano, núms. 10, 11 e 12.

2. TOMA POSESIÓN DO CARGO DE CONCELLEIRO DE DON ANTÓN BARBA PEREIRA (PSDEG-PSOE).

Non se presenta.

3. APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL (PXOM) PARA O SINALAMENTO DAS ALIÑACIÓNS NA N-525. TRAMO I. NÚCLEO DA SUSANA.

O informe emitido pola xefa de sección de xestión urbanística de data 5 de setembro do corrente ano e que trae o conforme do secretario xeral do pleno, ten o seguinte contido:

“A Modificación fórmase de oficio polo Concello de Santiago, a través dos servizos técnicos de Planeamento e Xestión, co obxecto de establecer as aliñacións definitivas dos terreos que dan fronte á estrada estatal N-525, no tramo urbano que atravesa o núcleo da Susana (puntos quilométricos 332+150 - 332+513 na marxe esquerda, e 332+150 - 332+494 na marxe dereita)

1. PLANEAMENTO VIXENTE

No tramo de referencia, o vixente Plan xeral de ordenación municipal (PXOM) establece as aliñacións dos terreos lindantes a unha distancia xenérica de 12,5 metros dende o eixe da estrada, o que supón unha sección total de 25 metros entre aliñacións.

Non entanto o anterior, a disposición transitoria 16ª do Plan xeral, nomeada **“Liñas de edificación nas estradas do Estado”** sinala o seguinte:

“Nas estradas de competencia estatal N-550 e N-525 as determinacións referentes ás liñas de edificación contempladas no Plan xeral entenderanse como orientativas á espera da resolución definitiva do expediente de delimitación que desenvolva a regulación da excepcionalidade á que se refire o art. 25.2 da Lei 25/1988 de estradas; en tanto non se produza dita resolución tódalas actuacións estarán ao que resolvan as preceptivas autorizacións da administración de estradas.”

2. NORMATIVA SECTORIAL APLICABLE

O artigo 33 da vixente *Lei estatal 37/2015, do 29 de setembro, de estradas* -que substitúe ao antigo 25 da Lei 25/1988, de estradas do Estado-, sitúa a liña límite de edificación nas estradas convencionais e multicarril a unha distancia de 25 metros, medidos dende a aresta exterior da calzada máis próxima.

Porén, o mesmo artigo 33, no seu apartado 3, prevé a *excepcionalidade* de que o Ministerio de Fomento poida autorizar, por razóns xeográficas ou socioeconómicas e en tramos perfectamente delimitados unha distancia inferior, previo informe (non vinculante) das comunidades autónomas e das entidades locais afectadas.

Artigo 33 da Lei 37/2015, do 29 de setembro, de estradas (vixente dende o día 1.10.2015):

1. (...) A ambos lados de las carreteras del Estado se establece la línea límite de edificación, que se sitúa a 50 metros en autopistas y autovías y a 25 metros en carreteras convencionales y carreteras multicarril, medidos horizontal y perpendicularmente a partir de la arista exterior de la calzada más próxima. La arista exterior de la calzada es el borde exterior de la parte de la carretera destinada a la circulación de vehículos en general.

La franja de terreno comprendida entre las líneas límite de edificación establecidas en las respectivas márgenes de una vía se denomina zona de limitación a la edificabilidad. Queda prohibido en esta zona cualquier tipo de obra de construcción, reconstrucción o ampliación, incluidas las que se desarrollen en el subsuelo, o cambio de uso, a

excepción de las que resultaren imprescindibles para la conservación y mantenimiento de las construcciones o instalaciones ya existentes.

(...)

2. A los efectos de lo dispuesto en el anterior apartado, los nudos viarios y cambios de sentido, las intersecciones, las vías de giro y los ramales tendrán la línea límite de edificación a 50 metros medidos horizontal y perpendicularmente desde la arista exterior de la calzada en cada caso.

3. El Ministerio de Fomento, previo informe no vinculante de las comunidades autónomas y entidades locales afectadas a emitir en un plazo no superior a dos meses, podrá, por razones geográficas o socioeconómicas, fijar una línea límite de edificación inferior a la establecida con carácter general, aplicable a determinadas carreteras estatales en zonas o tramos perfectamente delimitados.

O Real decreto 1812/1994, polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas -cuxa vixencia mantén a disposición final 1ª da actual Lei de estradas-, tamén habilita ao Ministerio para establecer a liña límite de edificación a unha distancia inferior nas zonas urbanas, sempre que o planeamento urbanístico o permita, e a través dun procedemento que se integra polos seguintes trámites:

1. Delimitación provisional pola Dirección Xeral de Estradas
2. Información pública por prazo de 30 días soltos, con publicación de anuncio no Boletín Oficial do Estado, e audiencia ás Comunidades Autónomas e ás Entidades Locais afectadas.
3. Resolución definitiva polo Ministerio.

Artigo 85 do Real decreto 1812/1994, polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas:

Casos especiales

1. Con carácter general, en las carreteras estatales que discurran total o parcialmente por zonas urbanas, el Ministerio de Obras Públicas, Transportes y Medio Ambiente podrá establecer la línea límite de edificación a una distancia inferior a la fijada en el artículo anterior, siempre que lo permita el planeamiento urbanístico correspondiente, con arreglo al procedimiento que reglamentariamente se establezca (artículo 25.2).

2. Asimismo, el Ministerio de Obras Públicas, Transportes y Medio Ambiente, previo informe de las Comunidades Autónomas y Entidades locales afectadas, podrá, por razones geográficas o socioeconómicas, fijar una línea límite de edificación inferior a la

establecida con carácter general, aplicable a determinadas carreteras estatales en zonas o comarcas perfectamente delimitadas (artículo 25.3).

(...)

4.A efectos de lo previsto en los apartados 1 y 2 del presente artículo, la Dirección General de Carreteras determinará provisionalmente la línea límite de edificación y someterá el correspondiente estudio de delimitación a información pública, por el plazo de treinta días hábiles que se anunciará en el «Boletín Oficial del Estado», a fin de que cualquier persona física o jurídica pueda formular las alegaciones que estime pertinentes.

Simultáneamente, dicha Dirección General remitirá a las Comunidades Autónomas y Entidades locales afectadas, el referido estudio de delimitación, a fin de que, en dicho plazo y un mes más, se manifiesten.

En caso de conformidad, o si las Comunidades Autónomas o las Entidades locales no contestasen en el plazo mencionado, el expediente se elevará al Ministro de Obras Públicas, Transportes y Medio Ambiente para su resolución definitiva.

En el supuesto de disconformidad, se procederá con arreglo a lo indicado en el párrafo segundo del apartado 1 del artículo 10 de la Ley de Carreteras y 33 de este Reglamento.

3. NECESIDADE E CONVENIENCIA DA MODIFICACIÓN

A presente Modificación obedece á necesidade de fixar de xeito definitivo as aliñacións do tramo da estrada N-550 que atravesa o núcleo urbano da Susana, en coherencia coa liña límite de edificación autorizada pola administración titular da estrada, todo elo de conformidade coa normativa sectorial aplicable, anteriormente referenciada, e co establecido pola DT 16ª do PXOM.

En outubro de 2011 o Concello de Santiago instou da Demarcación de Estradas do Estado en Galicia o inicio do procedemento aplicable para a delimitación da liña límite de edificación, no tramo da estrada N-525 correspondente ao núcleo da Susana. Nas reunións mantidas entre os técnicos municipais e os da Demarcación, formulouse por estes unha proposta alternativa, consistente en fixar unha distancia orientativa de 17,50 metros dende o eixe da estrada, tal e como se reflicte na acta da reunión que tivo lugar o día 22 de marzo de 2013.

Con data 23 de abril de 2014 o Concello remitiu ao Ministerio de Fomento o proxecto de Modificación puntual do Plan xeral, elaborado polos servizos técnicos municipais,

para os efectos de que pola administración titular da estrada se iniciase o procedemento de delimitación regulado polo artigo 85.4 do Regulamento da Lei de estradas do Estado.

Cumpridos os trámites esixidos polo artigo 85 do Regulamento xeral de Estradas, o Secretario de Estado de Infraestruturas, Transporte e Vivenda, mediante resolución de data 8 de febreiro de 2016, aprobou definitivamente o expediente de Modificación da liña límite de edificación no tramo da estrada N-525 comprendido entre os seguintes puntos quilométricos (LLE-5-C-2014):

- Na marxe esquerda, PP-KK 332+150 ao 332+513
- Na marxe dereita, PP.KK 332+150 ao 332+494

A través da presente Modificación preténdese incorporar ao planeamento urbanístico xeral as aliñacións que resultan da nova liña límite de edificación autorizada pola administración titular da estrada, axustando o planeamento municipal á nova liña de edificación definitivamente aprobada en febreiro de 2016 consonte á normativa sectorial de estradas.

4. CONTIDO E ALCANCE DA MODIFICACIÓN PROPOSTA

De conformidade co autorizado pola administración titular da estrada, a aliñación resultante sitúase con carácter xeral a 17,5 metros do eixo da estrada, o que garante unha sección total para o sistema viario público de 35 metros entre aliñacións enfrontadas. Isto supón unha sección maior que a prevista no vixente Plan xeral (25 metros entre aliñacións), pero inferior á que resultaría de aplicar a liña límite de edificación establecida con carácter xeral na Lei de estradas (25 metros a cada lado da aresta exterior da explanación)

No tramo no que se desdobrou a traza orixinal da N-525, e a fin de dar estrito cumprimento ao informe vinculante emitido pola Directora xeral de Ordenación de Territorio e Urbanismo, sinálanse tamén as aliñacións das parcelas con fronte á dita variante, se ben estas aliñacións non darán soporte a nova edificación.

No ámbito suxeito á aplicación da ordenanza 11 (núcleos tradicionais incorporados ao solo urbano), a Demarcación fixou a mesma liña límite da edificación, polo que non acolleu a proposta municipal de manter a liña da edificación existente. Porén, e sen prexuízo do resultado da presente Modificación, o Concello instará, perante o Ministerio de Fomento, un novo procedemento para revisar a liña no tramo correspondente á zona de edificación consolidada de ordenanza 11. Entretanto, as edificacións afectadas seguen sometidas ao réxime que define o artigo 33.1, apartado 2º da Lei de Estradas, asimilable ao de fóra de ordenación.

No plano 6 do documento apréciase con claridade a diferenza entre as aliñacións previstas no PXOM vixente e as que se propoñen nesta Modificación.

5. INFORME AMBIENTAL ESTRATÉXICO

Previo acordo adoptado polo Pleno municipal o día 28 de abril de 2016, o Concello remitiu ao órgano ambiental a solicitude de avaliación ambiental simplificada, acompañada do Documento ambiental estratéxico (DAE) e do Borrador do plan.

A Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, mediante resolución do 22 de agosto de 2016 -publicada no Diario Oficial de Galicia o 26 de setembro de 2016- formulou o **Informe ambiental estratéxico** da Modificación (Expte. 2016AAE1900, código web 1807/2016), declarando o non sometemento ao procedemento de avaliación ambiental ordinaria.

6. TRAMITACION

A Modificación aprobouse inicialmente polo Pleno municipal a medio de acordo adoptado o 20 de outubro de 2016 e someteuse a información pública, durante o prazo de dous meses, mediante anuncios que para o efecto se publicaron no xornal El Correo Gallego e no Diario Oficial de Galicia o día 13 de decembro de 2016.

Remitido o expediente á Consellería segundo esixe o artigo 60.7 da Lei 2/2016 do solo de Galicia, con data 4 de agosto recibíuse o **informe da Directora xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo**, asinado o 21 de xullo, no que se da conta do resultado do trámite de audiencia aos Concellos limítrofes, así como dos informes sectoriais autonómicos solicitados e recibidos.

Polo que atinxe ao trámite de **audiencia aos concellos limítrofes**, consta informe favorable do Concello de Boqueixón. Segundo indica o informe autonómico, *“os restantes concellos contaban cun prazo para responder que finalizaba o día 20/06/2017. Rematado o dito prazo non foi recibida nestas dependencias a súa resposta, polo que pode continuarse o procedemento de aprobación da modificación (segundo parágrafo do artigo 60.7 da lei 2/2016, do solo de Galicia).”*

Durante o trámite de participación pública **formulouse un único escrito de alegacións, asinado polo Presidente da Asociación de Veciños “Fco. García Beiro” de Marrozos**, manifestando que a nova liña de edificación, ao reducir a parcela neta edificable, reduce considerablemente as condicións de edificabilidade e ocupación das parcelas suxeitas á aplicación da ordenanza 6A.

Este efecto é unha consecuencia lóxica e inevitable de transpoñer ao planeamento a liña de edificación fixada pola administración titular da estrada. En calquera caso, de non terse tramitado o expediente de sinalamento de liña, a parcela neta quedaría aínda mais minguada por mor da aplicación da liña límite que establece a lei de estradas. Polo tanto, non é posible minimizar este efecto, debendo o Concello de incorporar a liña fixada pola Demarcación de Estradas.

No informe emitido pola Directora xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, de 21 de xullo de 2017, faise constar a emisión dos seguintes **informes sectoriais autonómicos**:

- Informe favorable asinado o 10 de abril de 2017 polo subdirector xeral de Planificación e Protección civil.
- Informe favorable asinado o 15 de xuño de 2017 polo Instituto de Estudos do Territorio, relativo á protección da paisaxe.
- Informe favorable asinado o 23 de maio de 2017 pola directora xeral do Patrimonio cultural.

Así mesmo, no expediente constan os seguintes **informes sectoriais da administración do Estado**:

- Informe favorable da Demarcación de Estradas do Estado en Galicia, asinado en novembro de 2016.
- Informe emitido en materia de telecomunicacións polo Ministerio de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital, de data 15.02.2018.
- Informe da Dirección xeral de Aviación civil de 18.05.2018.

O Pleno municipal adoptou, con data 19 de outubro de 2017, o acordo de aprobación provisional.

Con data 2 de xullo de 2018 emitiu informe a Directora xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, favorable á aprobación definitiva da Modificación, coa seguinte condición:

- *A modificación ha fixar todas as aliñacións do solo urbano consolidado ao que afecta (artigo 53.e) LSG). Atendendo ás observacións realizadas pola SXOTU no informe ao Borrador da modificación, cómpre corrixir o plano nº 7 (páxina 43 do documento dixital), cara a recoller as aliñacións correspondentes.*

O informe autonómico refírese á variante na que se desdobrou a traza orixinal da estrada N-525, que supuxo a creación dunha nova vía na traseira das parcelas que xa tiñan a súa fronte na estrada orixinal (Travesa da Susana). Co fin de dar estrito cumprimento ao informe autonómico, e ao disposto no artigo 117 do Regulamento da Lei do Solo de Galicia, no documento reformado que se somete a aprobación definitiva procédese a sinalar a aliñación desta vía, prolongando a mesma liña fixada pola Demarcación de Estradas. Porén, esta aliñación non poderá supoñer a creación dunha nova fronte edificada nesta variante, toda vez que as parcelas afectadas xa teñen a súa fronte na antiga estrada, sendo ésta a vía que da soporte á edificación.

O documento que se somete a aprobación definitiva reflicte nos planos de ordenación a aliñación da variante, que se define como “aliñación de parcela”.

7.PROPOSTA DE APROBACIÓN DEFINITIVA

En consecuencia, e de conformidade co disposto polo artigo 61.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, *do solo de Galicia*, propónse ao Pleno Municipal, previo ditame que haberá de emitir a Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Vivenda, Medio Ambiente, Medio Rural e Servizos, adoptar o seguinte ACORDO:

Primeiro. Aprobar definitivamente a *Modificación puntual do Plan xeral de ordenación municipal (PXOM) para o sinalamento de aliñacións na N-525 (Tramo I Núcleo da Susana)*, segundo o documento reformado de setembro de 2018, que incorpora as reformas indicadas no informe da directora xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo.

O acordo deberá adoptarse co voto favorable da **maioría absoluta** do número legal de membros da Corporación, en cumprimento do esixido polo artigo 123.2 da Lei reguladora das bases do réxime local, sendo preceptivo, de conformidade co sinalado no artigo 122.5.e), punto 2 da mesma Lei, o asesoramento do secretario xeral do Pleno.

O acordo de aprobación definitiva publicarase no Diario Oficial de Galicia. Unha vez publicado o acordo, remitirase á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio a documentación esixida polo artigo 88.3 da LSG, para os efectos de inscribir a Modificación puntual do PXOM no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia.

Logo de que conste a inscrición no Rexistro, procederase a publicar a normativa no Boletín Oficial da Provincia.”

Xa que logo, á vista do informe transcrito máis do ditame favorable da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Vivenda, Medio Ambiente, Medio Rural e Servizos correspondente a sesión de data 13 de setembro do corrente ano, o Pleno da

Corporación, por unanimidade dos/as concelleiros e concelleiras presentes, polo tanto co quórum da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, acorda aprobar definitivamente a modificación puntual do Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) para o sinalamento de aliñacións na N-524 (Tramo I Núcleo da Susana), segundo o documento reformado de setembro de 2018, que incorpora as reformas indicadas no informe da directora xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo.

O acordo de aprobación definitiva publicarase no Diario Oficial de Galicia. Unha vez publicado o acordo, remitirase á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio a documentación esixida polo artigo 88.3 da LSG, para os efectos de inscribir a modificación puntual do PXOM no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia.

Unha vez inscrito no Rexistro, procederase a publicar a normativa no Boletín Oficial da Provincia.

4. APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL (PXOM) E DO PLAN ESPECIAL DO CAMPUS UNIVERSITARIO (PE-8), NO ÁMBITO DO EQUIPAMENTO UNIVERSITARIO (EU-2). GRUPO DE VIVENDAS DE SAN IGNACIO DE LOYOLA.

O informe emitido pola xefa de sección de xestión urbanística con data 5 de setembro do corrente ano, e que trae o conforme do secretario xeral do pleno, ten o seguinte contido:

“A Modificación fórmulase de oficio polo Concello de Santiago co obxecto principal de excluír do ámbito do sistema xeral de equipamento universitario EU-2 a parcela ocupada polo grupo de vivendas de San Ignacio de Loyola (Banco do Pobre), con referencia catastral 5666901NH3456F.

1. PLANEAMENTO VIXENTE

O vixente Plan xeral de ordenación municipal (PXOM), a través da súa **disposición transitoria 9ª**, amplía o ámbito de ordenación do Plan especial do Campus Universitario (PE-8), engadindo, entre outras, unha peza sita na beira sur da avenida de Mestre Mateo, limítrofe co ámbito do Plan parcial do SUP-5 (Choupana) e do Hospital Clínico Universitario (PE-9).

A peza sinalada, ocupada en parte polo grupo de vivendas de Santiago de Loyola, cualifícase polo PXOM como parte do **sistema xeral de equipamento universitario EU-2**, e adscribese, para a súa obtención, ao desenvolvemento urbanístico do polígono de solo urbano non consolidado P-22 (Burgo das Nacións-Universidade).

En desenvolvemento das determinacións do PXOM, tramitouse un procedemento de **Revisión e adaptación do Plan especial do Campus Universitario (PE-8)**, que resultou definitivamente aprobado polo Pleno Municipal con data 1 de outubro de 2010. Neste documento, os terreos aos que afecta a presente Modificación foron cualificados como zona de edificación universitaria (**ZEU-34**), destinada á execución da nova Facultade de Medicina.

2. XUSTIFICACIÓN DA MODIFICACIÓN

O proxecto de Modificación formúlase pola Sección Municipal de Planeamento a resultas dunha encomenda efectuada pola Concellería delegada da Área mediante Providencia asinada o día 16 de abril de 2015.

Na dita providencia poñíase de manifesto a falta de execución do polígono 22, e os inconvenientes que isto supoñía para os ocupantes das vivendas de San Ignacio de Loyola, avaliándose a conveniencia de eliminar a afección urbanística derivada da súa cualificación como sistema xeral de equipamento universitario.

No documento ambiental estratéxico elaborado pola arquitecta municipal analízanse os efectos que se derivarían das distintas alternativas de ordenación, resultando desta análise a selección da alternativa que mantén as vivendas existentes, pero sen renunciar á implantación dun equipamento na parcela non edificada.

De acordo coa dita análise, **a Modificación proposta vén xustificada por dous motivos principais:**

1. O cambio nas previsións da USC respecto do novo emprazamento da Facultade de Medicina, que se prevé emprazar noutra zona, no contorno do Hospital Clínico, o que implica tamén un cambio substancial nas necesidades de ampliación do ámbito do Campus universitario (PE-8).
2. O interese na conservación do grupo de vivendas de San Ignacio de Loyola, en canto elemento representativo do movemento moderno de principios dos anos 60, e o actual estado de deterioro das ditas edificacións existentes, agravado pola súa actual incursión na situación máis estrita de fóra de ordenación (que só habilita obras de conservación e mantemento), e pola ausencia dunha previsión de desenvolvemento do polígono 22 ao que figuran adscritas.

3. CONTIDO DA MODIFICACIÓN

Como xa se indicou ao principio, o obxecto principal da Modificación é excluír da reserva de sistema xeral de equipamento universitario (EU-2) a parcela ocupada polo grupo de vivendas de San Ignacio de Loyola (5666901NH3456F), sita na beira sur da avenida de Mestre Mateo, que pasa a integrarse na **ordenanza 9 A** do Plan xeral.

A parcela non edificada (catastral 5666902NH3456F) mantén a súa cualificación como sistema xeral de equipamento universitario (EU-2), definíndose no documento as condicións específicas para a súa edificación e urbanización.

Consecuentemente co anterior, **axústase a delimitación do ámbito do sistema xeral de equipamento universitario EU-2 e do Plan especial de ordenación do Campus Universitario (PE-8)**, cuxo linde queda agora definido pola avenida de Mestre Mateo, o que supón deixar sen efecto as previsións do precitado Plan especial para a peza agora excluída do seu ámbito de ordenación (ZEU-34)

A nova delimitación do sistema xeral EU-2 obriga tamén a revisar a concreción dos **sistemas xerais adscritos ao polígono 22**, e o *cálculo do aproveitamento tipo* da área de reparto, co resultado que deseguido se indica:

Sistemas xerais adscritos:

- 4.278 m² no Campus Sur (EU-2)
- 3.500 m² no Parque das Hortas (PU-20)

Aproveitamento tipo: 1,584

A adscripción do sistema xeral PU-20 trae causa das sentenzas que anularon as determinacións do vixente Plan xeral no ámbito dos polígonos 11 (Castiñeiriño) e 42 (Cruceiro da Coruña), aos que se adscribira parte do citado sistema xeral.

4. INFORME AMBIENTAL ESTRATÉXICO

Por resolución da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental de data 14 de decembro de 2016 formulouse o preceptivo **Informe ambiental estratéxico** e resolveuse non someter a Modificación puntual ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica (expediente 2016AAE1955)

5. TRAMITACIÓN

A Modificación aprobouse inicialmente polo Pleno Municipal por acordo adoptado o 16 de febreiro de 2017 e someteuse a información pública, durante o prazo de dous meses, mediante anuncios que para o efecto se publicaron no xornal El Correo Gallego (con

data 19 de abril de 2017) e no Diario Oficial de Galicia do día 28 de abril de 2017. Así mesmo, practicouse notificación persoal aos propietarios segundo Catastro das parcelas incluídas no ámbito do PE-8, e publicouse edicto no Boletín Oficial do Estado do día 22 de marzo de 2017.

Remitido o expediente á Consellería segundo esixe o artigo 60.7 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG), con data 14 de decembro de 2017 recibíuse o informe da Directora xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, asinado o 30 de novembro, no que se dá conta do resultado do trámite de audiencia aos Concellos limítrofes, así como dos informes sectoriais autonómicos solicitados e recibidos.

Polo que atinxe ao trámite de **audiencia aos concellos limítrofes**, consta informe favorable do Concello de Boqueixón. Segundo indica o informe autonómico, *“os restantes concellos contaban cun prazo para responder que finalizaba o día 27/11/2017. Rematado o dito prazo, non foi recibida nestas dependencias a resposta deses concellos, polo que pode continuarse o procedemento de aprobación da modificación (segundo parágrafo do artigo 60.7 da Lei 2/2016, do solo de Galicia)”*.

Durante o trámite de participación pública **non consta a formulación de alegacións**.

No informe emitido pola directora xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, de data 30 de novembro de 2017, faise constar a emisión dos seguintes **informes sectoriais autonómicos**:

- Informe favorable da Subdirección Xeral de Planificación e Protección Civil, do 29 de marzo de 2017.
- Informe favorable emitido o 31 de outubro de 2017 polo Instituto de Estudos do Territorio, relativo á protección da paisaxe.
- Informe asinado o 3 de novembro de 2017 pola directora xeral do Patrimonio Cultural, de sentido favorable, se ben *“coa cautela de que se modifique a normativa segundo o establecido nos parágrafos anteriores respecto da figura do Estudo de detalle”*, isto é, esixindo a aprobación previa dun Estudo de detalle do conxunto de vivendas de San Ignacio de Loyola para *“calquera actuación que supoña un cambio na imaxe do conxunto e/ou dos elementos tipolóxicos que o fan representativo da aplicación dos principios do movemento moderno.”*

O Pleno Municipal, mediante acordo adoptado o 17 de xaneiro de 2018, aprobou provisionalmente a Modificación, coas modificacións resultantes do trámite de participación pública e do informe emitido por Patrimonio Cultural.

No citado acordo de aprobación provisional descríbense as modificacións introducidas sobre o documento inicialmente aprobado, como de seguido se transcribe:

A resultas do informe emitido pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, foi preciso reformar a redacción dos apartados 4.1 e 5, nos seguintes termos:

- No apartado 4.1, no que atinxe á ordenación do subámbito do grupo de vivendas de San Ignacio de Loyola, que se remite á aplicación da ordenanza 9A do vixente Plan xeral, engádese un inciso relativo a formulación do Estudo de detalle. Para o resto do ámbito, que segue a manter a cualificación de sistema xeral de equipamento universitario (EU-2), as condicións específicas de edificación e urbanización remítense ao sinalado no apartado 5.

- No apartado 5, procédese a completar e clarificar a redacción das novas determinacións da normativa resultante da Modificación.

As modificacións sinaladas non teñen carácter substancial, e son resultado de cumprimentar as cautelas do informe de Patrimonio, polo que non se estima necesaria a apertura dun novo trámite de exposición pública.

No expediente consta o **informe favorable do Ministerio de Enerxía, Turismo e Axencia Dixital**, competente en materia de telecomunicacións, de data 21 de febreiro de 2018, así como o emitido pola **Dirección Xeral de Aviación Civil** o día 1 de xuño de 2018, tamén favorable á presente Modificación.

Con data 8 de agosto de 2018 obtívose o **informe favorable da directora xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo**, coas seguintes condicións:

** O proxecto que se aprobe definitivamente incorporará na súa memoria a xustificación contida no informe municipal do 07/06/2018 en relación co aproveitamento tipo, corrixíndose en consecuencia a ficha modificada do polígono P-22 (punto III.2.c) do informe da Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo do 14/11/2016).*

** O proxecto que se aprobe definitivamente incluírá como anexo asa sentenzas firmes de anulación da ordenación dos polígonos P-11 e P-42, achegadas en fotocopia (punto II.2.e) do informe da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo do 14/11/2016), sen incluír os datos persoais non susceptibles de publicación conforme á súa normativa reguladora.*

O documento que se somete a aprobación definitiva, elaborado en agosto de 2018, da cumprimento ás condicións sinaladas.

7. PROPOSTA DE APROBACIÓN DEFINITIVA

En consecuencia, e de conformidade co disposto polo artigo 61.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, *do solo de Galicia*, propónse ao Pleno Municipal, previo ditame que haberá de emitir a Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Vivenda, Medio Ambiente, Medio Rural e Servizos, adoptar o seguinte ACORDO:

APROBAR DEFINITIVAMENTE a *Modificación puntual do Plan xeral de Ordenación municipal no ámbito do Plan especial do Campus (PE-8) vivendas de San Ignacio de Loyola e polígono 22 (Vista Alegre)*, segundo o documento reformado de agosto de 2018, que incorpora as reformas esixidas no informe da directora xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo.

O acordo deberá adoptarse co voto favorable da **maioría absoluta** do número legal de membros da Corporación, en cumprimento do esixido polo artigo 123.2 da Lei reguladora das bases do réxime local, sendo preceptivo, de conformidade co sinalado no artigo 122.5.e), punto 2 da mesma Lei, o asesoramento do secretario xeral do Pleno.

O acordo de aprobación definitiva publicárase no Diario Oficial de Galicia. Unha vez publicado o acordo, remitirase á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio a documentación esixida polo artigo 88.3 da LSG, para os efectos de inscribir a Modificación puntual do PXOM no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia.

Logo de que conste a inscrición no Rexistro, procederase a publicar a normativa no Boletín Oficial da Provincia.”

Xa que logo, á vista do informe transcrito máis do ditame favorable da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Vivenda, Medio Ambiente, Medio Rural e Servizos, correspondente a sesión de data 13 de setembro do corrente ano, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos/as concelleiros e concelleiras presentes, polo tanto co quórum da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, acorda aprobar definitivamente a modificación puntual do Plan Xeral de Ordenación Municipal no ámbito do Plan Especial do Campus (PE-8) vivendas de San Ignacio de Loyola e polígono 22 (Vista Alegre), segundo o documento reformado de agosto de 2018, que incorpora as reformas esixidas no informe da directora xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo.

O acordo de aprobación definitiva publicárase no Diario Oficial de Galicia. Unha vez publicado o acordo, remitirase á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio a documentación esixida polo artigo 88.3 da LSG, para os efectos de inscribir a modificación puntual do PXOM no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia.

Logo de que conste a inscrición no Rexistro, procederase a publicar a normativa no Boletín Oficial da Provincia.

5. PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, PARA MUDAR, DE URXENCIA, O CADUCO GLOBO PRESOSTÁTICO QUE COBRE A PISCINA DE SAR.

Con data 7 de setembro de 2018, número de rexistro 225, presentouse a proposición que a continuación se transcribe:

“O grupo municipal do BNG, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte proposición para o seu debate en Pleno para facer as xestións necesarias destinadas a mudar o caduco globo presostático que cobre a piscina do Multiusos Fontes do Sar na tempada de inverno, co fin de previr problemas de seguranza, mellorar a eficiencia enerxética e as condicións de salubridade e hixiene destas instalacións municipais.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A cuberta da piscina do Multiusos Fontes do Sar que se utiliza durante a tempada de inverno está constituída por un globo presostático que data de 1996, cunha tecnoloxía desa época que sufriu un desgaste engadido causado pola retirada e colocación en cada campaña de verán.

A Sociedade Mixta Deportiva (XADE) que xestiona as instalacións elaborara un informe en 2007 que recolle que a vida útil da cuberta estaba chegando ao seu fin. A iso hai que engadir que en decembro de 2017 un vendaval provocou que rachase o globo e ao perder aire caeu, coa casualidade de que foi un domingo, a piscina estaba pechada e non houbo persoas feridas.

Ademais, a vella lámina de 3 milímetros que separa a temperatura exterior da interior provoca un gasto enerxético elevado moi superior ao das novas instalacións que contan con membranas de materiais máis eficientes e que supoñen un aforro de entre o 25 e o 30% do gasto de consumo de gas, ao tempo que reducen a contaminación á atmosfera. Con esa mudanza da cuberta, nun prazo de 10 anos amortizaríase boa parte do investimento ao reducir o consumo enerxético.

A Consellaría de Sanidade advertiu tamén de que nalgunhas medicións non se alcanzou a temperatura mínima esixida no inverno. Tamén presenta problemas de hixiene tendo en conta a sucidade e humidade acumuladas durante anos, ademais do aspecto pouco estético debido ás manchas da superficie.

Pese á demanda social por parte das persoas usuarias da piscina e a que foi unha das medidas do BNG para a negociación dos Orzamentos de 2016 que non se cumpriu, o certo é que o Consorcio, do que é presidente o alcalde, non contratou a instalación dunha cuberta retráctil nova que forneza maior eficiencia enerxética e seguranza para as persoas usuarias.

Por isto, o grupo municipal do BNG presenta para a súa aprobación a seguinte

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

O Concello de Santiago de Compostela instará, de urxencia, ao Consorcio a realizar os procedementos necesarios para a substitución da cuberta deteriorada da piscina do Multiusos Fontes do Sar, co fin de previr problemas de seguranza, mellorar a eficiencia enerxética e as condicións de salubridade e de hixiene destas instalacións municipais. No caso de non obter resposta positiva inmediata e a teor de que o Concello ten solicitada a cesión destas instalacións ao Consorcio, que o Concello de Santiago asuma de xeito inmediato esta actuación.”

Rematado o debate o Pleno da Corporación, por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes, acordainstar, de urxencia, ao Consorcio a realizar os procedementos necesarios para a substitución da cuberta deteriorada da piscina do Multiusos Fontes do Sar, co fin de previr problemas de seguranza, mellorar a eficiencia enerxética e as condicións de salubridade e de hixiene destas instalacións municipais. No caso de non obter resposta positiva inmediata e a teor de que o Concello ten solicitada a cesión destas instalacións ao Consorcio, que o Concello de Santiago asuma de xeito inmediato esta actuación.

6. PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SOBRE A NECESIDADE DE REVISAR O EXERCICIO DA POTESTADE SANCIONADORA NO CONCELLO.

O día 11 de setembro do corrente ano, con número de rexistro 231, foi presentada a proposición do epígrafe, cuxo contido se transcribe:

“O **Grupo Municipal do Partido Popular**, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte **PROPOSICIÓN**:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O concello de Santiago ten atribuída unha potestade sancionadora moi extensa, pensada para disuadir comportamentos ilícitos ou incívicos en campos moi diversos. Abonda

con repasar as leis e ordenanzas que prevén esa potestade municipal para comprobar os diversos e numerosos procedementos sancionadores que o Concello pode incoar.

Dado que esa potestade sancionadora non é exercida por xuíces e dado que supón un menoscabo da integridade xurídica dos cidadáns, convén extremar todas as garantías; sinaladamente, e entre outros, cómpre respectar o principio de proporcionalidade e o principio de igualdade -ou, se se prefire, o principio de non discriminación e de interdicción da arbitrariedade-. Sen tales principios, a potestade sancionadora vólvese unha expresión crúa e abusiva de arbitrariedade administrativa ou política.

No Concello de Santiago obsérvanse sorprendentes diferenzas ou asimetrías no exercicio da potestade sancionadora, mesmamente desde a súa fase previa.

Sorprende o tan alto e crecente número de denuncias dirixidas contra as persoas que contraveñen as normas de circulación e o baixo ou inexistente número de denuncias noutros ámbitos de actividade. Sorprende que, trasladadas denuncias a algún órgano ou coñecedor este de determinadas infraccións, se faga uso dunha suposta potestade discrecional de non incoar o correspondente expediente. Sorprenden os índices de caducidade e de risco de prescrición, variables en función dos departamentos. Sorprende que se externalicen selectivamente un determinado tipo de procedementos sancionadores. Sorprende que un órgano administrativo ofrezca reducións acumulables nas propostas de sancións de ata un 40% e outro órgano limite o ofrecemento a un 20%. Sorprende que os criterios de gradación de sancións sexan diferentes entre órganos da mesma Administración. E sorprende que o rigor con que se sanciona a unha persoa que infrinxe ocasionalmente unha norma poida ser o mesmo que o rigor que se lle aplica a quen incorra en reiteración ou reincidencia. Como tamén pode sorprender ás veces a falta de idoneidade das propias determinacións normativas.

Á vista do exposto, e a fin de asegurar a seguridade xurídica dos administrados -entendida esta como certeza sobre o criterio aplicable-, os principios constitucionais e legais que deben presidir a potestade sancionadora, e a fin de asegurar a finalidade racional da dita potestade, O Grupo Municipal Popular proponlle ao conxunto da Corporación Municipal a adopción do seguinte

ACORDO

O Pleno do Concello de Santiago insta ao correspondente órgano de Goberno a constituír un grupo de traballo -integrado por representantes dos grupos municipais, polos xefes dos servizos correspondentes con competencias sancionadoras, polo xefe da Policía Local e polo director da Asesoría Xurídica- que terá como cometido:

a) valorar a idoneidade das vixentes determinacións normativas sancionadoras;

b) coñecer e revisar as diferenzas que se están producir no exercicio da potestade sancionadora no concello;

e c) valorar o cumprimento da finalidade do réxime sancionador vixente.

Todo iso a fin de proceder, no seu caso, a promover as revisións normativas ou a fixación dos criterios harmonizadores que correspondan.”

Rematado o debate o Pleno da Corporación, por 13 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras presentes dos grupos municipais do Partido Popular, do PSdeG-PSOE e do BNG (8 PP, 3 PSdeG-PSOE e 2 BNG), e 10 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras do grupo municipal de Compostela Aberta, acorda instar ao correspondente órgano de goberno a constituír un grupo de traballo -integrado por representantes dos grupos municipais, polos xefes dos servizos correspondentes con competencias sancionadoras, polo xefe da Policía Local e polo director da Asesoría Xurídica- que terá como cometido:

a) Valorar a idoneidade das vixentes determinacións normativas sancionadoras.

b) Coñecer e revisar as diferenzas que se están producir no exercicio da potestade sancionadora no concello;

c) Valorar o cumprimento da finalidade do réxime sancionador vixente.

Todo iso a fin de proceder, no seu caso, a promover as revisións normativas ou a fixación dos criterios harmonizadores que correspondan.

7. PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSDEG-PSOE, SOBRE O ESTUDO DUNHA REBAIXA FISCAL PARA O EXERCICIO DE 2019.

A proposición para ser tratada na presente sesión plenaria, e que substitúe a presentada condata 11 de setembro do corrente ano, e número de rexistro 232, ten o seguinte contido:

”A situación na que viven hoxe moitas familias compostelás segue a ser preocupante e mesmo chega a ser límite. A crise económica e a situación de paro e desprotección á que nos teñen levado os anos de Goberno do Partido Popular coas súas políticas, así como os últimos datos que amosan que se ben a renda media dos fogares españois incrementouse un 2,4% o gasto medio destas familias incrementouse un 3,5%, provocan unha tendencia actual de desaforro dos fogares.

Por tanto, esta situación esixe unha política fiscal en dúas vertentes: a do gasto suficiente para garantir as necesidades das familias españolas máis vencelladas á súa vulnerabilidade (gastos sociais e fomento do emprego) e a dos ingresos, para alixeirar na medida do posible a presión fiscal das familias medias e traballadoras.

Todo isto esixe atopar un equilibrio entre os ingresos necesarios para facer fronte aos gastos públicos que demandan os fogares e permitir nesta situación que as familias poidan reter unha maior parte da súa renda para facer fronte aos seus gastos.

Supón, por tanto, abordar unha reforma das ordenanzas fiscais no Concello de Santiago na liña de alixeirar parte da carga impositiva dos fogares composteláns, á vez que se compense esa perda de ingresos do Concello para facer fronte ás súas obrigas ante a veciñanza, a través da obtención de ingresos pola utilización do dominio público dos Bancos (Caixeiros automáticos, compañías de telefonía móbil, compañías distribuidoras de electricidade e gas). Por todo isto, é polo que o Grupo Municipal Socialista ten a ben presentar a seguinte

PROPOSICIÓN:

PRIMEIRO.- 1. Con obxecto de que a actualización de valores catastrais non teña unha repercusión no importe do imposto, pola grave crise que padecen moitos dos cidadáns e cidadás de Santiago de Compostela, **propoñemos a avaliación dunha redución do Tipo de Gravame do Imposto sobre Bens Inmóbles (IBI) na mesma proporción media que se viron incrementados devanditos valores catastrais, dunha maneira progresiva ao longo dos últimos exercicios en que a base imponible de cada inmoible vaise revalorizar.**

2.- Os bens inmoibles de natureza urbana ubicados nas áreas ou zonas do concello que, conforme ao establecido na lei de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia e no planeamento urbanístico municipal vixente, correspondan a asentamentos de poboación singularizados pola súa vinculación ou preeminencia de actividades primarias de carácter agrícola, gandeira ou forestal, e que dispoñan dun insuficiente nivel de servizos básicos de titularidade municipal (auga, saneamento, alumeado público), **propoñemos a avaliación para unha posible mudanza das bonificacións nas condicións que a continuación se indican:**

- a) Carencia dos tres servizos básicos, 90%.
- b) Carencia de dous dos tres servizos básicos, 75%.
- c) Carencia dun dos tres servizos básicos, 40%.

3.- As vivendas de protección autonómica **disfrutan** dunha bonificación do 50 por 100 durante o prazo de tres anos contados dende o exercicio seguinte ao do outorgamento da cualificación definitiva. **Propoñemos que se avalíe** que ao longo dos dez exercicios

seguintes ao período citado, as vivendas de protección oficial disfruten dunha bonificación do 50% na cota íntegra do imposto, sempre que se manteña a titularidade do inmovible e este constitúa a residencia habitual do titular.

4.- Para compensar a posible redución de ingresos que se podería producir ao reducir o tipo de gravame do IBI, dada a dificultade para acceder á vivenda que teñen moitos cidadáns na nosa cidade, faise necesario tomar medidas que mobilicen o parque de vivenda baleira que hai en Compostela. Por iso, e co obxectivo de incrementar o parque inmobiliario dispoñible, solicitamos que se dea cumprimento ao previsto no artigo 72.4 da Lei de Facendas Locais, de modo que aos inmoables de uso residencial e todos aqueles inmoables de uso residencial que sendo propiedade das entidades financeiras se atopen desocupados, **se avalíe a aplicación dunha** recarga do 50% da cota líquida do imposto. Esta recarga aplicarase cando entre en vigor a normativa regulamentaria estatal esixida que determine o concepto de vivenda desocupada, disposto no artigo 72.4 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004.

Neste sentido, obsérvase especialmente a súa xustificación naquelas vivendas baleiras propiedade dos bancos que non sexan dispostas para réximes de aluguer ou aluguer con opción a compra ou outras fórmulas destinadas a familias vulnerables.

A recarga **esixiríase** aos suxeitos pasivos deste tributo e **devengaríase** o 31 de decembro, liquidándose anualmente unha vez constatada a desocupación do inmovible, xunto co acto administrativo polo que esta se declare.

Aquelas entidades financeiras cuxos inmoables foran declarados desocupados **poderían** solicitar a retirada da devandita declaración presentando a xustificación se dispoñen dalgún plan público de aluguer de vivendas a nivel municipal, provincial, autonómico ou estatal.

5.- **Proponse avaliar o establecemento dunha bonificación** do 5% para os obrigados tributarios que soliciten e acepten como fórmula de pago, a domiciliación e fraccionamento da cota do imposto.

SEGUNDA.-Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras (ICIO).

1.- Proponse avaliar a posible modificación das bonificacións sobre o imposto de construcións, instalacións e obras (ICIO) vixentes nas Ordenanzas Fiscais do 2015, referidas ao número 4: Estableceríase unha bonificación do 90% a favor das construcións, instalacións ou obras nas que se incorporen sistemas de aproveitamento térmico ou eléctrico da enerxía solar para autoconsumo.

A incorporación nas edificacións existentes deste tipo de instalacións debe ser fomentada polas Administracións Públicas para evitar o agravamento do proceso de cambio climático que fai necesario tomar medidas locais que faciliten o uso de enerxías renovables que fomenten o desenvolvemento sustentable.

A adhesión deste Concello aos criterios da Axenda Local 21 xustificaría tamén o incremento desta bonificación. Hai que lembrar que España é un dos países cun nivel de incumprimento máis alto do protocolo de Kyoto.

TERCEIRA.- Imposto sobre o Aumento de Valor dos Terreos de Natureza Urbana.

Proponse avaliar que a cota tributaria íntegra sexa a que resulte de aplicar á base imponible o tipo do 22%.

CUARTA.- Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica.

1.- **Proponse avaliar que a cota tributaria sexa** o resultado de aplicar o coeficiente 1,5 aos turismos e outros vehículos de menos de 8 cabalos fiscais ata 19.99 cabalos fiscais; o coeficiente 1,686901870 aos turismos e outros vehículos de 20 cabalos fiscais en diante; e o coeficiente 1,6 aos autobuses, camiións, tractores e remolques e semirremolques arrastrados por vehículos de tracción mecánica.

2.- Bonificacións: **proponse avaliar que tiveran** unha bonificación do 75% na cota do imposto os vehículos eléctricos, de biodiesel ou movidos por hidróxeno, durante cinco anos naturais contados dende a data de primeira matriculación do vehículo.

QUINTA.- Caixeiros automáticos bancarios, subministradoras de telefonía móbil
Incoar expediente técnico-xurídico que sirva de base para a avaliación da adecuación xurídica e, no seu caso, o inicio do proxecto de modificación parcial das Ordenanzas municipais de: a) Ordenanza número 3.24 “Taxa pola utilización privativa e ou aproveitamento especial do dominio público municipal”, no referente ao cálculo da cota tributaria para caixeiros automáticos bancarios (artigo 6.2 letra i); b) Ordenanza número 3.29 “Taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local polas empresas subministradoras de servizos de telefonía móbil” e Ordenanza número 3.25 (“Taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local a favor de empresas explotadoras de servizos de subministración de interese xeral”), no referente igualmente ao cálculo da cota tributaria aplicable á telefonía móbil (artigo 5.3 e artigo 5.1, respectivamente).

SEXTA.- Establecemento dunha taxa de uso do dominio público ás empresas subministradoras de enerxía.

Estudar o informe da FEMP e as sentenzas que avalan a legalidade de ditas taxas e recollen a fórmula de calcular a tarifa.

Realizar un estudo técnico das construcións e instalacións que pasan polo termo municipal de Santiago, segundo o establecido no artigo 20.3.K da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Realizar un estudo económico baseado no informe da FEMP e o estudo técnico para avaliar o impacto económico nos ingresos do Concello e desenvolver a proposta de ordenanza para o establecemento da mencionada taxa por ocupación de dominio público ás empresas distribuidoras de enerxía baseada nos informes previos.”

Rematado o debate o Pleno da Corporación, por 3 votos a favor correspondentes aos concelleiros/a do grupo municipal do PSdeG-PSOE, e 20 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras presentes dos grupos municipais de Compostela Aberta, do Partido Popular e do BNG (10 CA, 8 PP e 2 BNG), acorda:

PRIMEIRO.-

1. Con obxecto de que a actualización de valores catastrais non teña unha repercusión no importe do imposto, pola grave crise que padecen moitos dos cidadáns e cidadás de Santiago de Compostela, **propoñemos a avaliación dunha redución do** Tipo de Gravame do Imposto sobre Bens Inmóveis (IBI) na mesma proporción media que se viron incrementados devanditos valores catastrais, dunha maneira progresiva ao longo dos últimos exercicios en que a base imponible de cada inmovible vaise revalorizar.

2.- Os bens inmóveis de natureza urbana ubicados nas áreas ou zonas do concello que, conforme ao establecido na lei de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia e no planeamento urbanístico municipal vixente, correspondan a asentamentos de poboación singularizados pola súa vinculación ou preeminencia de actividades primarias de carácter agrícola, gandeira ou forestal, e que dispoñan dun insuficiente nivel de servizos básicos de titularidade municipal (auga, saneamento, alumeado público), **propoñemos a avaliación para unha posible mudanza das bonificacións nas condicións que a continuación se indican:**

- a) Carencia dos tres servizos básicos, 90%.
- b) Carencia de dous dos tres servizos básicos, 75%.
- c) Carencia dun dos tres servizos básicos, 40%.

3.- As vivendas de protección autonómica **disfrutan** dunha bonificación do 50 por 100 durante o prazo de tres anos contados dende o exercicio seguinte ao do outorgamento da cualificación definitiva. **Propoñemos que se avalíe** que ao longo dos dez exercicios

seguintes ao período citado, as vivendas de protección oficial disfruten dunha bonificación do 50% na cota íntegra do imposto, sempre que se manteña a titularidade do inmovible e este constitúa a residencia habitual do titular.

4.- Para compensar a posible redución de ingresos que se podería producir ao reducir o tipo de gravame do IBI, dada a dificultade para acceder á vivenda que teñen moitos cidadáns na nosa cidade, faise necesario tomar medidas que mobilicen o parque de vivenda baleira que hai en Compostela. Por iso, e co obxectivo de incrementar o parque inmobiliario dispoñible, solicitamos que se dea cumprimento ao previsto no artigo 72.4 da Lei de Facendas Locais, de modo que aos inmovibles de uso residencial e todos aqueles inmovibles de uso residencial que sendo propiedade das entidades financeiras se atopen desocupados, **se avalíe a aplicación dunha** recarga do 50% da cota líquida do imposto. Esta recarga aplicarase cando entre en vigor a normativa regulamentaria estatal esixida que determine o concepto de vivenda desocupada, disposto no artigo 72.4 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004.

Neste sentido, obsérvase especialmente a súa xustificación naquelas vivendas baleiras propiedade dos bancos que non sexan dispostas para réximes de aluguer ou aluguer con opción a compra ou outras fórmulas destinadas a familias vulnerables.

A recarga **esixiríase** aos suxeitos pasivos deste tributo e **devengaríase** o 31 de decembro, liquidándose anualmente unha vez constatada a desocupación do inmovible, xunto co acto administrativo polo que esta se declare.

Aquelas entidades financeiras cuxos inmovibles foran declarados desocupados **poderían** solicitar a retirada da devandita declaración presentando a xustificación se dispoñen dalgún plan público de aluguer de vivendas a nivel municipal, provincial, autonómico ou estatal.

5.- **Proponse avaliar o establecemento dunha bonificación** do 5% para os obrigados tributarios que soliciten e acepten como fórmula de pago, a domiciliación e fraccionamento da cota do imposto.

SEGUNDO.-Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras (ICIO).

1.- Proponse avaliar a posible modificación das bonificacións sobre o imposto de construcións, instalacións e obras (ICIO) vixentes nas Ordenanzas Fiscais do 2015, referidas ao número 4: Estableceríase unha bonificación do 90% a favor das construcións, instalacións ou obras nas que se incorporen sistemas de aproveitamento térmico ou eléctrico da enerxía solar para autoconsumo.

A incorporación nas edificacións existentes deste tipo de instalacións debe ser fomentada polas Administracións Públicas para evitar o agravamento do proceso de cambio climático que fai necesario tomar medidas locais que faciliten o uso de enerxías renovables que fomenten o desenvolvemento sustentable.

A adhesión deste Concello aos criterios da Axenda Local 21 xustificaría tamén o incremento desta bonificación. Hai que lembrar que España é un dos países cun nivel de incumprimento máis alto do protocolo de Kyoto.

TERCEIRO.- Imposto sobre o Aumento de Valor dos Terreos de Natureza Urbana.

Proponse avaliar que a cota tributaria íntegra sexa a que resulte de aplicar á base imponible o tipo do 22%.

CUARTO.- Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica.

1.- **Proponse avaliar que a cota tributaria sexa** o resultado de aplicar o coeficiente 1,5 aos turismos e outros vehículos de menos de 8 cabalos fiscais ata 19.99 cabalos fiscais; o coeficiente 1,686901870 aos turismos e outros vehículos de 20 cabalos fiscais en diante; e o coeficiente 1,6 aos autobuses, camiións, tractores e remolques e semirremolques arrastrados por vehículos de tracción mecánica.

2.- Bonificacións: **proponse avaliar que tiveran** unha bonificación do 75% na cota do imposto os vehículos eléctricos, de biodiesel ou movidos por hidróxeno, durante cinco anos naturais contados dende a data de primeira matriculación do vehículo.

QUINTO.- Caixeiros automáticos bancarios, subministradoras de telefonía móbil
Incoar expediente técnico-xurídico que sirva de base para a avaliación da adecuación xurídica e, no seu caso, o inicio do proxecto de modificación parcial das Ordenanzas municipais de: a) Ordenanza número 3.24 “Taxa pola utilización privativa e ou aproveitamento especial do dominio público municipal”, no referente ao cálculo da cota tributaria para caixeiros automáticos bancarios (artigo 6.2 letra i); b) Ordenanza número 3.29 “Taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local polas empresas subministradoras de servizos de telefonía móbil” e Ordenanza número 3.25 (“Taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local a favor de empresas explotadoras de servizos de subministración de interese xeral”), no referente igualmente ao cálculo da cota tributaria aplicable á telefonía móbil (artigo 5.3 e artigo 5.1, respectivamente).

SEXTO.- Establecemento dunha taxa de uso do dominio público ás empresas subministradoras de enerxía.

Estudar o informe da FEMP e as sentenzas que avalan a legalidade de ditas taxas e recollen a fórmula de calcular a tarifa.

Realizar un estudo técnico das construcións e instalacións que pasan polo termo municipal de Santiago, segundo o establecido no artigo 20.3.K da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Realizar un estudo económico baseado no informe da FEMP e o estudo técnico para avaliar o impacto económico nos ingresos do Concello e desenvolver a proposta de ordenanza para o establecemento da mencionada taxa por ocupación de dominio público ás empresas distribuidoras de enerxía baseada nos informes previos.

8. RATIFICACIÓN DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE DATA 3 DE AGOSTO DO CORRENTE ANO, DE INTERPOSICIÓN DE RECURSO DE CASACIÓN CONTRA A SENTENZA DA SALA DO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO DO TSX DE GALICIA EN PO 25/2016.

A resolución do epígrafe ditada con data 3 de agosto do corrente ano, ten o seguinte contido:

“En Santiago de Compostela, o 3 de agosto de 2018, D.Martiño Noriega Sánchez, alcalde do Concello, dita a seguinte resolución:

O director da Asesoría xurídica municipal emitiu con data 31.7.2018, o seguinte informe:

“Con relación á sentenzada pola Sección 4ª da Sala do Contencioso-Administrativo do TSX de Galicia con data 22.6.2018 na cuestión de ilegalidade derivada do anterior PO nº 25/2016 do Xulgado Contencioso-Administrativo nº 2 de Santiago de Compostela, recomendando interpoñer o correspondente recurso de casación perante o Tribunal Supremo con base nas seguintes consideracións:

PRIMEIRO. Requisitos tocantes ao prazo, lexitimación e recurribilidade da resolución impugnada

a) O recurso interponse dentro do prazo de 30 días desde que o 5.7.2018 se nos notificou a sentenza.

b) O Concello de Santiago de Compostela está lexitimado para interpoñer o recurso xa que ten a condición de administración demandada no proceso e a sentenza estima unha cuestión de ilegalidade en virtude da que se anulan diversos artigos da ordenanza fiscal municipal 3.25 reguladora da taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial

do dominio público local por empresas explotadoras de servizos de subministración xeral.

c) A sentenza que se impugna é recurrible en casación xa que foi ditada en única instancia por esta Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

SEGUNDO. Identificación das normas e da doutrina xurisprudencial infrinxidas e que deberon ser observadas pola Sala

2.1 O artigo 24.1.c) da Lei reguladora de facendas locais (Rdlex. 2/2004, do 5 de marzo -en diante, LFL) en relación cos principios de seguridade xurídica e legalidade. Aínda que a sentenza omite calquera referencia directa a esa disposición legal, foi obxecto de alegación, en concreto, nas páxinas 13 e seguintes do escrito de alegacións de Orange Espagne SA cando argumenta que:

“... mi representada entiende que es contrario a derecho comunitario el TRHL en concreto seu art.24.1.c) cuando establece la posibilidad de gravar a las entidades comercializadoras u distribuidoras que no sean titulares de red alguna... de este modo se entiende que el art.24.1.c) del TRLHL resulta contrario a la Directiva...”.

2.2 O principio de autonomía local (artigos 137 e 140 da CE) así como o de suficiencia financeira que del se deriva.

Como reconece a Constitución Española (en diante, CE) nos seus artigos 137 e 140 os municipios dispoñen de autonomía para xestionar os seus intereses. Do mesmo xeito, a Carta Europea de Autonomía Local entende por autonomía local o dereito e a capacidade efectiva das entidades locais de ordenar e xestionar unha parte importante dos asuntos públicos, no marco da lei, baixo a súa propia responsabilidade e en beneficio dos seus habitantes, para o que a lexislación estatal e autonómica reguladora dos distintos sectores de acción pública deben asignarlles competencias propias nos asuntos que afecten directamente ao círculo dos seus intereses. Asemade, a autonomía dos municipios atópase estreitamente ligada á súa suficiencia financeira porque esixe a plena disposición de medios financeiros para exercer, sen condicionamentos indebidos e en toda a súa extensión, as funcións que legalmente lles foron encomendadas, de forma que para posibilitar e garantir o exercicio da autonomía local constitucionalmente reconecida é necesario dispoñer de medios ou ingresos suficientes. O artigo 9 da Carta Europea de Autonomía local establece que os recursos financeiros das entidades locais deben ser proporcionais ás competencias previstas pola Constitución e pola lei.

En resumo, sen ingresos os entes locais non poden cumprir as súas funcións.

Por outra banda, o artigo 133.2 da CE dispón que as corporacións locais poderán establecer e esixir tributos de acordo coa propia Constitución e coas leis. E iso precisamente é o que fixo o Concello de Santiago de Compostela, como a maioría dos municipios de España, ao esixir a taxa discutida ao abeiro da LFL e de conformidade co que sinala o artigo 24.1.c) desalei. E a sentenza que impugnamos vulnera ese dereito ao descoñecer a vixencia desa disposición legal que acabamos de citar.

2.3 A doutrina xurisprudencial establecida polo Tribunal Supremo nas sentenzas do 10.10.2012 (casación 4307/2009), 12.6.2015 (casación 742/2014) e 5.7.2016 (casación 554/2015), consonte a que se debe entender que os operadores de telefonía fixa están obrigados ao pagamento da taxa por aproveitamento especial do dominio público local a favor de empresas explotadoras de servizos de subministración xeral, servizo de telefonía fixa, así como o artigo 14 da Ley 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria (en diante. LXT).

TERCEIRO. Xustificación de que as infraccións denunciadas foron relevantes e determinantes do fallo

3.1 Obxecto da cuestión de ilegalidade e argumentos da decisión adoptada

A sentenza impugnada resolve unha cuestión de ilegalidade suscitada polo Xulgado Contencioso-Administrativo nº 1 de Santiago de Compostela no seo do proceso ordinario nº 25/2016 no que a sociedade mercantil “Orange Espagne SA” impugnaba liquidacións de taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público para prestar o servizo de telefonía fixa.

A sentenza da Sala anula os artigos 2, 3 e 5 da ordenanza fiscal 3.25 cuestionados. Na parte resolutiva di:

“Fallamos: Que estimamos la cuestión de ilegalidad planteada por el Auto dictado por el Juzgado Contencioso-Administrativo nº 2 de Santiago de Compostela de 16.2.2017 y, en consecuencia, declaramos contrarios a derecho, anulándolos, los particulares consignados en el párrafo final del fundamento jurídico segundo (sic) de la presente resolución.”

O fundamento xurídico primeiro da sentenzamaneifesta que as cuestións plantexadas se deben resolver consonte a doutrina do TS expresada nas sentenzas 10.10.2012 e 15.10.2014, e reproduce extensamente esta última. Conclúese argumento que se recolle no derradeiro parágrafo dese fundamento xurídico primeiro (e non segundo como por erro material di o fallo):

“En consecuencia, y siendo perfectamente aplicable al caso que nos ocupa la doctrina que se recoge en la sentencia del TJUE de 12 de junio de 2012, procede estimar la cuestión de ilegalidad planteada y anular los artículos 2 (hecho imponible), en cuanto incluya en el mismo utilizaciones o aprovechamiento por parte de empresas que no sean titulares de redes o instalaciones; 3 (sujeto pasivo) por idéntica razón; y 5 (base imponible) de la ordenanza.”

3.2 As infraccións denunciadas son determinantes do fallo

1º) A Sala inaplica o artigo 24.1.c) da LFL con vulneración dos principios de legalidade e seguridaxurídica, cando se trata dunha norma de rango legal, vixente e plenamente aplicable ao caso discutido porque nin a sentenza do TXUE do 12 de xullo de 2012 (asuntos C-55/11 e 57/11) nin o seu Auto do 30 de xaneiro de 2014 (asunto C-25/13) desterran o antedito precepto do ordenamentoxurídico español na medida en que non o declararon contrario a dereito da Unión Europea. Non se pode esquecer que tanto esas resolucións como as sentenzas do TS citadas pola Sala refírense á telefonía móbil polo que con relación á telefonía fixa e outrosservizosaquela disposición legal se debe considerar como plenamente vixente.

2º) A sentenza limita inxustificadamente a potestade tributaria municipal e os ingresos para afrontar a execución das funcións públicas que o Concello ten encomendadas, vulnerando destexido a autonomía local e a suficiencia financeira da Corporación, como dixemos máis arriba.

3º) Descoñece a doutrina xurisprudencial do TS antes citada consonte a que a sentenza do TXUE do 12 de xullo de 2012 non é aplicable á telefonía fixa polo que realiza unha aplicación extensiva dos seus pronunciamentos que derroga arbitrariamente o artigo 24 da LFL a o deíxalos en contido e vulnera o artigo 14 da LXT que non admite a analogía para estenderalén dos seus propios termos o ámbito do feito imponible, das exencións e dos demais beneficios ou incentivos fiscais.

CUARTO. As normas infrinxidas son de dereito estatal

As normas xurídicas cuxa infracción se alega don de dereito estatal (artigos 137 e 140 da CE, 24.1.c da LFL e 14 da LXT).

QUINTO. Interese casacional obxectivo do debate e conveniencia de que se pronuncie sobre el o Tribunal Supremo

A cuestión obxecto de debate ten interese casacional obxectivo coa finalidade de que se estableza doutrina xurisprudencial por tres razóns:

5.1 A sentenza impugnada resolve a través dunha cuestión de ilegalidade un proceso no que se impugnou indirectamente unha disposición de carácter xeral (artigo 88.2.g da LXCA).

5.2 A sentenza impugnada declara parcialmente nula unha disposición de carácter xeral de transcendencia evidente xa que regula a taxa sobre a utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público por empresas explotadoras de servizos de interese xeral, cunha relevancia económica moi importante na facenda pública municipal (artigo 88.3.c) da LXCA) e resulta gravemente prexudicial para os intereses xerais (artigo 88.2.b da LXCA).

5.3 O propio Tribunal Supremo recoñeceu o interese casacional obxectivo en recursos substancialmente análogas por non dicir idénticos ao presente. A título de exemplo, podemos citar os Autos ditados o 31.5.2017 (rec. nº 1290/2017), 21.7.2017 (rec. nº 1994/2017) e 15.9.2017 (rec. nº 2199/2017). No primeiro deles o TS manifesta:

“7. Así pues, la interpretación realizada por el TJUE de las directivas sectoriales en materia de telecomunicaciones y la aplicación que el Tribunal Supremo ha hecho de las mismas ha venido referida a los servicios de telefonía móvil en cuanto servicios de comunicación electrónica. De la jurisprudencia del TJUE no se obtiene, fuera de toda duda, que las limitaciones y condicionamientos que se derivan de los artículos 12 y 13 de la Directiva autorización se aplican también a los servicios de telefonía fija y de internet.”

8. Sin embargo, en la sentencia impugnada, el Tribunal Superior de Justicia de Navarra considera sometidos los servicios de telefonía fija y de internet a las previsiones de los artículos 12 y 13 de la Directiva autorización, y a las consecuencias interpretativas obtenidas por el TJUE, tanto en lo que se refiere a la imposibilidad de exigir el canon a quienes no sean titulares de las infraestructuras instaladas en el dominio público, como en lo que atañe a la cuantificación de gravamen.

9. Siendo así, este recurso de casación presenta interés casacional objetivo para la formación de la jurisprudencia, habida cuenta de que no parece evidente que las consecuencias obtenidas por la Sala de instancia se deriven de la jurisprudencia del TJUE, no pudiendo descartarse su necesaria intervención a título prejudicial [artículo 88.2.f) LJCA] mediante la cuestiones que, en su caso, este Tribunal Supremo estaría obligado a instar en virtud del artículo 267, párrafo 3º, del Tratado de Funcionamiento de la Unión Europea (versión consolidada en el DOUE, serie C, número 202, de 7 de junio de 2016, p. 13).”

E no último dos Autos citados, o TS manifesta:

“TERCERO.- 1. La sentencia impugnada analiza si la Directiva Autorización, interpretada por el TJUE y el Tribunal Supremo respecto de un supuesto de telefonía móvil, resulta aplicable al resto de comunicaciones electrónicas, incluidas las de telefonía fija (FJ). Para ello, comienza citando dos sentencias de la misma sala (de 20 de noviembre de 2015, recurso 154/2015, ES:TSJCL:2015:5583; y de 17 de octubre de 2016, cuestión de ilegalidad 537/2016, ES:TSJCL:2016:3587) en las que declaró que las previsiones de los artículos 12 y 13 de la citada Directiva se aplican a todas las comunicaciones electrónicas, incluida la telefonía fija; y, en consecuencia, anuló, por sudisconformidad con el ordenamiento jurídico, las menciones contenidas en la Ordenanza fiscal nº 39 del Ayuntamiento de Salamanca, publicada en el BOP de Salamanca de 10 de diciembre de 2013, correspondientes al artículo 2, sobre el hecho imponible, «con independencia de quié sea titular de aquéllas» y al artículo 3, sobre sujetos pasivos «tanto si son titulares de las correspondientes instalaciones o redes a través de las cuales se efectúen los suministros como si, no siendo titulares de dichas redes, lo son de derechos de uso, acceso, interconexión a las mismas».

2. En relación con la ilegalidad de la fórmula de cuantificación de la tasa con el porcentaje del 1,5% de la base imponible (resultado de los ingresos brutos procedentes de la facturación que obtengan anualmente las empresas en el término municipal de Salamanca), la sala de instancia, conforme a lo razonado en la citada sentencia de 20 de noviembre de 2015 declara que resulta ilegal al derecho de la Unión Europea «ello tanto en lo que concierne a la telefonía fija, como a la telefonía móvil y con independencia de a quién corresponda la titularidad de las redes de telefonía» (FJ 4º).

3. Sin embargo, la recurrente considera que en la sentencia impugnada, el Tribunal Superior de Justicia de Castilla y León considera sometidos a las previsiones de los artículos 12 y 13 de la Directiva autorización, y a las consecuencias interpretativas obtenidas por el TJUE, especialmente, en lo que atañe a la cuantificación de gravamen, todos los servicios de comunicaciones electrónicas distintos a la telefonía móvil y telefonía fija: servicios de internet, banda ancha, servicios de datos, televisión, etc., que utilizan para prestar sus servicios no sólo red de telefonía sino red de fibra óptica. Así resulta del fallo de la sentencia que se extiende, sin motivación para ello, la nulidad del artículo 6 de la Ordenanza fiscal del Ayuntamiento de Salamanca, en el que se fija la base imponible de la tasa, a empresas de suministros distintas a aquellas a las que se refiere el Fundamento cuarto (telefonía móvil y fija). Además, se apunta que la Sala ha resuelto la ilegalidad del artículo 6 de la citada Ordenanza por remisión a otra sentencia de la misma Sala, la del 20 de noviembre de 2015 que anuló varios artículos de la Ordenanza fiscal del Ayuntamiento de Villadepera (Zamora) cuya redacción es distinta a la del artículo declarado ilegal. Por último, considera que el TJUE, ni en la sentencia de 12 de julio de 2012 ni en el auto de 30 de enero de 2014 se ha pronunciado respecto al régimen de cuantificación de la tasa por aprovechamiento especial del dominio público aplicable conforme a la regulación establecida en el artículo 24.1.a) TRLHL, a

las empresas de telefonía móvil titulares de redes y mucho menos respecto al método regulado en el apartado c) del mismo precepto, aplicable a las empresas explotadoras de los servicios de suministros de comunicaciones electrónicas que resulten de interés general o afecten a la generalidad o a una parte importante del vecindario. Y lo mismo ocurre con las Sentencias del Tribunal Supremo de 10 y 15 de octubre de 2012.

4. Siendo así, este recurso de casación presenta interés casacional objetivo para la formación de la jurisprudencia, habida cuenta de que no parece evidente que las consecuencias obtenidas por la Sala de instancia se deriven de la jurisprudencia del TJUE, no pudiendo descartarse su necesaria intervención a título prejudicial [artículo 88.2.f) LJCA] mediante la cuestiones que, en su caso, este Tribunal Supremo estaría obligado a instar en virtud del artículo 267, párrafo 3º, del Tratado de Funcionamiento de la Unión Europea (versión consolidada en el DOUE, serie C, número 202, de 7 de junio de 2016, p. 13). 5. A la vista de lo anteriormente expuesto, se hace necesaria la intervención del Tribunal Supremo para que, si lo estima procedente, se dirija al TJUE a fin de preguntarle si las limitaciones que derivan de la Directiva Autorización para la potestad de los Estados miembros en orden a la imposición de tasas y cánones a las compañías que actúan en el sector de las telecomunicaciones móviles, en particular las limitaciones relativas a la cuantificación de dichos gravámenes, se extienden también a las que prestan servicios de suministros de comunicaciones electrónicas. Como se ve, en el litigio no está en juego tanto la interpretación del artículo 24.1.c) TRLHL como la de la Directiva autorización y el alcance de la jurisprudencia del TJUE sobre la misma.”

Polo que, de conformidade coa súa recomendación, en exercicio da competencia prevista no artigo 124.4.l) da LBRL, por razóns de urxencia e sen prexuízo de comunicarllo ao Pleno da primeira sesión para a súa ratificación,

RESOLVO

Disponer que se interponga recurso de casación contra a sentenza da Sección 4ª da Sala do Contencioso-Administrativo do TSX de Galicia na cuestión de ilegalidade derivada do PO nº 25/2016 do Xulgado Contencioso-Administrativo nº 2 de Santiago de Compostela.”

Á vista da resolución transcrita, o Pleno da Corporación, por 15 votos a favor dos/as concelleiros e concelleiras dos grupos municipais de Compostela Aberta, do PSdeG-PSOE e do BNG (10 CA, 3 PSdeG-PSOE e 2 BNG), e 8 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras presentes do grupo municipal do Partido Popular, ratifica a interposición de recurso de casación contra a sentenza da Sección 4ª da Sala do Contencioso-Administrativo do TSX de Galicia na cuestión de ilegalidade derivada do PO nº 25/2016 do Xulgado Contencioso-Administrativo nº 2 de Santiago de Compostela.

9. DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DE 30 DE XULLO DE 2018 DESIGNANDO ALCALDESA EN FUNCIÓNS E DE 2 DE AGOSTO DE 2018 DE NOMEAMENTO DE CONCELEIRO SECRETARIO SUPLENTE TERCEIRO DA XUNTA DE GOBERNO.

O Pleno da Corporación queda coñecedor das resolucións da alcaldía de data 30 de xullo do corrente ano, número de rexistro 5495, de designación de alcaldesa en funcións a Dona María Rozas Pérez, por ausencia do alcalde dos días 17 ao 26 de agosto; e da de 2 de agosto do corrente ano, número de rexistro 5577 de nomeamento de concelleiro-secretario suplente terceiro da Xunta de Goberno a Don Rafael Peña Vidal, por ausencia dos titulares dos días 2 ao 10 de agosto ambos inclusive.

10. DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA E DAS CONCELLARÍAS DELEGADAS E ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.

Dáse conta das resolucións da alcaldía e das concellarías delegadas comprendidas entre o 21 de xuño ao 13 de agosto de 2018 (núms. 4527-5718).

Así mesmo, tamén se da conta das seguintes actas da Xunta de Goberno:

Acta nº 52/2018, correspondente á sesión extraordinaria urxente celebrada o día 4 de xullo de 2018.

Acta nº 53/2018, correspondente á sesión extraordinaria urxente celebrada o día 5 de xullo de 2018.

Acta nº 54/2018, correspondente á sesión ordinaria celebrada o día 6 de xullo de 2018.

Acta nº 55/2018, correspondente a sesión extraordinaria urxente celebrada o día 6 de xullo de 2018.

Acta nº 56/2018, correspondente á sesión extraordinaria urxente celebrada o día 9 de xullo de 2018.

Acta nº 57/2018, correspondente á sesión ordinaria celebrada o día 13 de xullo de 2018.

Acta nº 58/2018, correspondente á sesión extraordinaria urxente celebrada o día 18 de xullo de 2018.

Acta nº 59/2018, correspondente á sesión ordinaria celebrada o día 20 de xullo de 2018.

Acta nº 60/2018, correspondente á sesión extraordinaria urxente celebrada o día 23 de xullo de 2018.

Acta nº 61/2018, correspondente á sesión ordinaria celebrada o día 27 de xullo de 2018.

Acta nº 62/2018, correspondente á sesión extraordinaria urxente celebrada o día 31 de xullo de 2018.

Acta nº 63/2018, correspondente á sesión extraordinaria urxente celebrada o día 31 de xullo de 2018.

Acta nº 64/2018, correspondente á sesión extraordinaria urxente celebrada o día 2 de agosto de 2018.

Acta nº 65/2018, correspondente á sesión ordinaria celebrada o día 10 de agosto de 2018.

Acta nº 66/2018, correspondente á sesión extraordinaria urxente celebrada o día 21 de agosto de 2018.

11. ROGOS, PREGUNTAS E INTERPELACIÓNS.

ROGOS:

Do grupo municipal do BNG de data 10 de setembro de 2018, núm. 226.

Do grupo municipal do BNG de data 10 de setembro de 2018, núm. 227.

Do grupo municipal do BNG de data 12 de setembro de 2018, núm. 233.

Do grupo municipal do Partido Popular de data 12 de setembro de 2018, núm. 235.

Do grupo municipal do Partido Popular de data 12 de setembro de 2018, núm. 236.

Do grupo municipal do Partido Popular de data 12 de setembro de 2018, núm. 237.

PREGUNTAS RESPOSTA ORAL:

Do grupo municipal do PSdeG-PSOE, de data 29 de agosto de 2018, núm. 223.

Do grupo municipal do Partido Popular de data 12 de setembro de 2018, núm. 238.

Do grupo municipal do Partido Popular de data 12 de setembro de 2018, núm. 239.

Do grupo municipal do Partido Popular de data 12 de setembro de 2018, núm. 240.

Do grupo municipal do BNG de data 12 de setembro de 2018, núm. 242.

PREGUNTAS RESPOSTA POR ESCRITO:

Do grupo municipal do BNG de data 29 de agosto de 2018, núm. 222.

Do grupo municipal do Partido Popular de data 6 de setembro de 2018, núm. 224.

Ao comezo do debate do presente punto auséntase a viceinterventora que xa non se reincorpora ao resto da sesión.

Unha vez rematadas as intervencións sobre o presente punto, faise un receso cando son as 17:25 horas e continúaase coa sesión ás 17:37 incorporándose todos e todas os/as concelleiros e concelleiras asistentes á mesma.

12. TOMA EN CONSIDERACIÓN DE MOCIÓNS PRESENTADAS POLOS GRUPOS MUNICIPAIS:

Rexistro de entrada do día 10 de setembro de 2018, núm. 228, presentada polo grupo municipal do BNG, para axilizar a concentración parcelaria de Villestro II-Figueiras.

Rexistro de entrada do día 10 de setembro de 2018, núm. 229, presentada polo grupo municipal do BNG, para realizar un plan integral destinado a mellorar a seguranza viaria en Conxo.

Rexistro de entrada do día 11 de setembro de 2018, núm. 230, presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE, para instar a Augas de Galicia a realizar unha actuación integral, a desenvolver con carácter urgente, de limpeza e drenaxe do río Sarela.

Rexistro de entrada do día 12 de setembro de 2018, núm. 234, presentada polo grupo municipal do BNG, para sinalizar os lugares do roteiro das Irmandades da Fala creado pola agrupación cultural O Galo.

Rexistro de entrada do día 12 de setembro de 2018, núm. 241, presentada polo grupo municipal do Partido Popular, sobre a mellora ambiental e urbanística no contorno do viaducto da Avda. Antón Fraguas, entre Cornes e Pontepedriña.

Os textos das mocións presentadas son os que a continuación se transcriben.

MOCIÓN PARA AXILIZAR A CONCENTRACIÓN PARCELARIA DE VILLESTRO II-FIGUEIRAS

O grupo municipal do BNG, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para o seu debate en Pleno, destinada a axilizar a concentración parcelaria de Villestro II – Figueiras que afecta a máis de 1.200 propietarios e propietarias de parcelas de superficie agraria.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As concentracións parcelarias melloran o crecemento das explotacións agrarias, a utilización de maquinaria e o aproveitamento da superficie, co que se consegue unha maior rendibilidade da produción agraria e unha mellor ordenación da terra en función dos usos. En Santiago de Compostela realizáronse 21 procedementos de concentración parcelaria, mais aínda permanece aberto o de Villestro e Figueiras que afecta a 1.219 propietarios e propietarias, que dispoñen de 14.072 parcelas nunha superficie total de 1523 hectáreas. Moitas destas parcelas son de dimensións reducidas e non ofrecen rendibilidade económica ás persoas titulares da propiedade por carecer dunha superficie óptima para cultivar.

O procedemento de concentración parcelaria de Santa María de Villestro II - Figueiras iniciouse co decreto publicado o 4 de outubro de 1991 no Diario Oficial de Galiza e entrou na fase de aprobación de bases definitivas o 5 de novembro de 2009. Transcorreron case 27 anos desde que os propietarios e as propietarias destes terreos agardan polos definitivos para poderen cultivar e reiniciar as actividades agrarias, xa que a provisionalidade que se abre con estes procesos limita a explotación e, sobre todo,

polo feito de que moitas quedan descoidadas e se enchen de maleza poden ser atacadas polos incendios, ademais de perderen parte da capacidade produtiva.

Cando se publicou o decreto no ano 1991, o procedemento de concentración parcelaria comprendía as seguintes fases: Iniciación, Estudo de viabilidade co correspondente estudo de impacto ambiental e co plan de desenvolvemento da zona a concentrar, Decreto de concentración, Bases provisionais, Bases definitivas, Proxecto de concentración, Acordo de concentración parcelaria e Acta de reorganización da propiedade. Mais coa entrada en vigor da Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galiza, as fases concrétanse no Estudo Previo de Iniciación, Decreto, Bases de reestruturación parcelaria, Acordo de reestruturación parcelaria e Acta de reorganización da propiedade

A veciñanza de Figueiras e Vilvestro reclama tamén que se faga unha reserva de espazo, a cargo das masas comúns e das parcelas non reclamadas, para a construción do Periférico Norte, así como para futuras ampliacións da rede viaria que transcorre pola zona afectada.

Por iso, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

O Concello de Santiago demandaralle á Xunta que axilice o procedemento de concentración parcelaria de Santa María de Vilvestro II – Figueiras e que inclúa unha reserva de espazo a cargo das masas comúns e das parcelas non reclamadas para a construción do Periférico Norte, así como para futuras ampliacións da rede viaria.

MOCIÓN PARA REALIZAR UN PLAN INTEGRAL DESTINADO A MELLORAR A SEGURANZA VIARIA EN CONXO

O grupo municipal do BNG, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para o seu debate en Pleno, para a realización dun plan integral destinado a mellorar a seguranza viaria en Conxo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Segundo queixas da veciñanza de Conxo, este barrio sofre un abandono durante os últimos anos, con evidentes carencias que se agravan a medida que se afastan da zona do CSC Aurelio Aguirre e Campo de Conxo cara a rúa da Benéfica de Conxo, Torrente, Poza Real de Abaixo e de Arriba, Churruchao ou Ponte da Rocha, e cun deterioro aínda superior nas rúas secundarias a estas.

As actuacións acometidas nestas rúas nos últimos anos non pasaron do rebacheo das fochancas máis evidentes e deixando sen parchear as de menor tamaño, posto que nunca se procedeu a un asfaltado en condicións como era necesario.

As deficiencias son variadas e pasan por beirarrúas sen continuidade, deterioradas ou falta destas nun ou en ambos os lados en tramos de centos de metros, como é o caso da zona da rúa da Ponte da Rocha até a Volta do Castro e Poza Real de Abaixo, onde os peóns teñen que camiñar polo asfalto. Como agravante, nesta zona atópase un colexio e unha escola infantil.

Existen tamén barreiras arquitectónicas permanentes que dificultan o tránsito peonil e que no caso de persoas maiores con mobilidade reducida, con cadeira de rodas ou carriños infantís impídeselles o tránsito ou obrigan, no mellor dos casos, a ocupar o viario. Así, detallan que existen bordes sen rebaixes nas beirarrúas con alturas sen normalizar e que poden chegar aos 30cm; estreitamentos das beirarrúas, ocupación destas por mobiliario urbano (marquesiñas, farolas, postes eléctricos, contedores, sinais ou maleza sen rozar); invasión das beirarrúas pola maleza que, ademais de ocultar sinalización, obriga as persoas que van a pé a teren que circular polo asfalto.

Cómpre tamén pintar pasos de peóns en lugares de cruce, pois están ausentes en varias rotondas como Poza Real de Arriba, Churruchaos e Volta do Castro, e en infinidade de cruces como o de Ponte da Rocha, a modo de exemplo.

As tapas dos sumidoiros afundidos veñen a sumarse a un deficiente estado da capa de rodadura e fochancas que no caso das rúas da Ponte da Rocha, Poza Real de Arriba e Poza Real de Abaixo son case continuas malamente rebacheadas nos últimos anos e que precisan un asfaltado continuado por tramos e en condicións.

Advirten tamén da existencia de paradas de bus urbano sen marquesiña en Ponte da Rocha ou sen beirarrúas na rúa Benéfica de Conxo; ademais de existir marquesiñas sen parada en Volta do Castro e na rúa da Ponte da Rocha.

Ante o lamentábel estado do paso inferior a vía do tren, demandan unha limpeza e un acondicionamento posto que a pintura está totalmente desconchada e a varanda metálica está rota e a punto de caer.

Ademais, a situación da Rúa Poza Real de Arriba está convertida nas horas punta nun vial de entrada a Compostela desde o Milladoiro, para evitar os atascos que se producen no viaduto da Rocha, que sofre unha forte presión de tráfico sen máis medidas de pacificación que un sinal de limitación de velocidade, dúas bandas sonoras e inexistentes pasos de peóns.

Tamén hai problemas en Suarriba, unha zona especialmente degradada e abandonada por falta de mantemento de labores municipais. Ademais de ter zonas perigosas para peóns, ciclistas e vehículos por falta de visibilidade provocada pola maleza, que mesmo ocupa zonas de paso, hai invasión de carrizo da Pampa (Cortaderiaselloana).

Complementan estas reivindicacións coa necesidade de modificar as infraestruturas e trazados actuais para permitir e facilitar os desprazamentos en bicicleta.

Por iso, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

O Concello de Santiago realizará un plan integral de acondicionamento das infraestruturas básicas de Conxo en materia de mobilidade e seguranza viaria que inclúa pacificación do tráfico, un carril-bici, marquesiñas de bus, pasos de peóns e dotación de beirarrúas e sendas peonís, que permitan desprazamentos con comodidade e sen perigo para as habitantes do barrio.

O Grupo Municipal Socialista ven de recibir varias queixas veciñais respecto do mal estado no que se atopa a canle do río Sarela, sobre todo no tramo urbano que transcorre entre a Fonte de Ouro e a Ponte do Carme, e que podería provocar importantes inundacións como as rexistradas nos anos 2009 e 2013.

A última limpeza integral foi levada a cabo por Augas de Galicia en 2014, nun tramo de 26 quilómetros entre os ríos Sar e Sarela, e daquela recolléranse 200 toneladas de residuos. A maiores, o Concello a través dun convenio coa empresa Viaqua, realizara en 2016 unha actividade de voluntariado deste tramo máis urbano do Sarela, e recolléranse arredor de 20 quilos entre plásticos e toallíñas, fundamentalmente.

Á vista da situación actual, é evidente a necesidade de intervir de novo e facelo á maior brevidade posible, antes do comezo das choivas, respectando as especies protexidas que habitan neste ámbito, pero protexendo tamén á veciñanza que reside nesta contorna.

Por todo isto, é polo que o Grupo Municipal Socialista presenta ao Pleno da Corporación a seguinte

MOCIÓN:

Que o Pleno da Corporación inste a Augas de Galicia a realizar unha actuación integral, a desenvolver con carácter urxente, de limpeza e drenaxe do río Sarela, especialmente no tramo urbano entre Fonte do Ouro e Ponte do Carme.

MOCIÓN PARA SINALIZAR OS LUGARES DO ROTEIRO DAS IRMANDADES DA FALA CREADO POLA AGRUPACIÓN CULTURAL O GALO

O grupo municipal do BNG, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para o seu debate en Pleno, destinada a sinalizar os lugares do roteiro das Irmandades da Fala creado pola agrupación cultural O Galo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A agrupación cultural O Galo, fundada en 1961, ten entre os seus obxectivos pór en valor a creación cultural galega e divulgar a historia, persoas e lugares onde se produciron acontecementos de relevancia política, cultural e social vinculados aos sinais de identidade do pobo galego. Na actualidade, máis de 2.500 persoas participan anualmente nas súas actividades que se desenvolven, principalmente, en Compostela.

Deste xeito, considera un deber lembrar a recepción produtiva dos traballos político e creativo das Irmandades da Fala xa que sen eles non agromarían a Xeración Nós, o Instituto de Estudos Galegos, o Partido Galeguista ou Estatuto de 1936. De aí que, logo de celebrar o seu centenario, queira consolidar un roteiro polos lugares máis destacados para divulgar o seu labor e dar a coñecer o ideario. Trátase dun percorrido por lugares vinculados ás Irmandades da Fala en Compostela, tanto para coñecer as vivendas onde habitaron, lugares onde estudaron ou desenvolveron as súas actividades profesionais, políticas e culturais as persoas que integraron este colectivo.

Ás Irmandades da Fala pertenceron o iniciador da industria editorial en Galiza, Ánxel Casal, profesorado da USC que logo formou varias xeracións, ademais de persoas destacadas no ámbito sindical, político e literario. A Irmandade santiaguesa posúe características de seu que lle conceden especificidade no conxunto das Irmandades da Fala en Galiza. De feito, nela consegue notabilidade a súa sección feminina da que fixeron parte, entre outras mulleres, María Miramontes e Olimpia Valencia.

No ideario das Irmandades da Fala sinálase o uso e a promoción da nosa lingua en todos os ámbitos e lugares, o achegamento á poboación da nosa cultura e a participación desta nas poéticas dos movementos vangardistas; a salvagarda e dignificación da nosa identidade; o recoñecemento e posta en vigor dos dereitos políticos de Galiza como nación e a entrada desta nos máis altos organismos políticos internacionais; a renovación da economía produtiva e financeira, baixo as premisas da sustentabilidade e

reversión de ganancias na nosa terra e o recoñecemento dos mesmos dereitos para os homes e as mulleres.

Por iso, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

O Concello de Santiago de Compostela sinalizará os lugares do roteiro das Irmandades da Fala creado pola agrupación cultural O Galo e instalará paneis informativos para contribuír á difusión do seu legado histórico local e nacional.

MOCIÓN SOBRE A MELLLORA AMBIENTAL E URBANÍSTICA NO CONTORNO DO VIADUTO DA AVENIDA ANTÓN FRAGUAS, ENTRE CORNES E PONTEPEDRIÑA

O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Ao longo do actual mandato téñense presentado moitas iniciativas relacionadas coa situación do contorno dun dos principais accesos á cidade por onde discorre a Avenida Antón Fraguas e onde se asenta o viaduto baixo o que a Xunta de Galicia construíu hai dous anos o aparcamento disuasorio de Pontepedriña.

A sensación de abandono e de falta de atención de todo este ámbito é impropio dunha zona pola que acceden a diario miles de persoas á nosa cidade, ben sexa en vehículos colectivos ou particulares a través da SC-20 ou mediante o servizo ferroviario.

A principal cuestión que chama a atención é a falta limpeza e coidados dos terreos nesa zona, unha cuestión xeneralizada que afecta mesmo ás beiravías como as da rúa Escultor Camilo Otero, dificultando o paso en moitos lugares, tal e como ten denunciado a veciñanza e se pode apreciar no anexo fotográfico que se acompaña.

A esa falta de mantemento habitual súmase a anarquía dominante no aparcamento de vehículos, que invaden beirarrúas e calquera superficie á que se poida acceder, independentemente da súa habilitación para ese fin. Esta tendencia tratou de atallala o Goberno colocando postes e sinais de prohibición a esgalla, sen ter en conta que a solución non está unicamente na restrición, senón na planificación e na ordenación dos

recursos dispoñibles para satisfacer as demandas da cidadanía. A este respecto, segue pendente o compromiso deste Goberno de afrontar a rotación no aparcamento disuasorio e de ordenar o conxunto da zona para ofertar un espazo axeitado para favorecer a mobilidade peonil e unha mellora da calidade ambiental para o goce do conxunto da cidadanía.

O aspecto que ofrece na actualidade esta zona dista moito do que cabería esperar dunha cidade que sempre tivo vocación de potenciar os seus enclaves naturais. O deterioro aquí é cada vez maior: desde hai uns meses destaca na zona o derrube da nave dun antigo taller mecánico (unha situación que xa foi advertida con antelación por este grupo) e a maleza continúa a medrar sen control por toda a zona, incluíndo o lugar onde se asentan uns enormes tubos de formigón que -ignoramos se froito dun deseño consciente ou dunha ocorrencia puntual- albergan unhas táboas a xeito de banco, de cuxo éxito ou utilidade para a veciñanza non se teñen noticias.

En definitiva, a pésima imaxe e a sensación de abandono e de inseguridade que produce esta zona entendemos que debe ser abordada de xeito inmediato polo Concello, motivo polo que presentamos para a súa consideración o seguinte

ACORDO

O Pleno do Concello de Santiago de Compostela insta ao correspondente órgano do Goberno a que coa maior urxencia posible acometa un plan de mellora integral da calidade ambiental e urbanística da zona por onde discorre a Avenida de Antón Fragas, entre Cornes, Pontepedriña, a Avenida RomeroDonallo e a rotonda da Galuresa, que contemple a roza e limpeza de todos os terreos e beirarrúas, a implantación da rotación no aparcamento disuasorio de Pontepedriña e a ordenación dos espazos existentes en aras a optimizar as posibilidades para o aparcamento de vehículos, todo iso coa finalidade de potenciar a mobilidade peonil e os valores ambientais existentes.

Trás o debate das mocións transcritas, procédese a súa votación.

En relación coa moción presentada polo grupo municipal do BNG, o día 10 de setembro do corrente ano, con número de rexistro 228, para axilizar a concentración parcelaria de Vilvestro II-Figueiras, o Pleno da Corporación, por 15 votos a favor correspondentes aos/as concelleiros e concelleiras dos grupos municipais de Compostela Aberta, do PSdeG-PSOE e do BNG (10 CA, 3 PSdeG-PSOE e 2 BNG), e 8 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras presentes do grupo municipal do Partido Popular, acorda demandar a Xunta de Galicia que axilice o procedemento de concentración parcelaria de Santa María de Vilvestro II – Figueiras e que inclúa unha reserva de espazo a cargo das masas comúns e das parcelas non reclamadas para a construción do periférico norte, así como para futuras ampliacións da rede viaria.

Con respecto á moción presentada polo grupo municipal do BNG, o día 10 de setembro de 2018, núm. 229, para a realización dun plan integral destinado a mellorar a seguranza viaria en Conxo, o Pleno da Corporación por unanimidade dos/as concelleiros e concelleiras presentes, acorda realizar un plan integral de acondicionamento das infraestruturas básicas de Conxo en materia de mobilidade e seguranza viaria que inclúa a pacificación do tráfico, un carril-bici, marquesiñas de bus, pasos de peóns e dotación de beirarrúas e sendas peonís, que permitan desprazamentos con comodidade e sen perigo para os/as habitantes do barrio.

No tocante á moción presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE, con rexistro de entrada do día 11 de setembro de 2018, núm. 230, para realizar unha actuación integral de limpeza e drenaxe do Río Sarela, á que presenta emenda invoce o grupo municipal popular no transcurso do debate, e que non foi aceptada polo grupo propoñente da moción, o Pleno da Corporación por 15 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais do PSdeG-PSOE, de Compostela Aberta e do BNG (3 PSdeG-PSOE, 10 CA e 2 BNG), e 8 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras presentes do grupo municipal do Partido Popular, acorda instar a Augas de Galicia a realizar unha actuación integral a desenvolver con carácter urgente, de limpeza e drenaxe do río Sarela, especialmente no tramo urbano entre Fonte do Ouro e Ponte do Carme.

Auséntase do salón de plenos, o concelleiro Don Rafael Peña Vidal.

Na moción presentada polo grupo municipal do BNG, con rexistro de entrada do día 12 de setembro de 2018, núm. 234, para sinalizar os lugares do roteiro das Irmandades da Fala, o Pleno da Corporación por 14 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras presentes dos grupos municipais de Compostela Aberta, do PSdeG-PSOE e do BNG (9 CA, 3 PSdeG-PSOE e 2 BNG), e 8 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras presentes do grupo municipal do Partido Popular, acorda sinalizar os lugares do roteiro das Irmandades da Fala creado pola agrupación cultural O Galo e instalar paneis informativos para contribuír á difusión do seu legado histórico local e nacional.

Reincorpórase á sesión o concelleiro Don Rafael Peña Vidal.

En relación á moción presentada polo grupo municipal do Partido Popular, con rexistro de entrada do día 12 de setembro de 2018, núm. 241, sobre a mellora ambiental e urbanística no contorno do viaduto da Avda. Antón Fraguas, o Pleno da Corporación por 13 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras presentes dos grupos municipais do Partido Popular, do PSdeG-PSOE e do BNG (8 PP, 3 PSdeG-PSOE e 2 BNG) e 10 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras do

grupo municipal de Compostela Aberta, acorda instar ao correspondente órgano do goberno, a que coa maior urxencia posible, acometa un plan de mellora integral da calidade ambiental e urbanística da zona por onde discorre a Avenida de Antón Fragas, entre Cornes, Pontepedriña, a Avenida RomeroDonallo e a rotonda da Galuresa, que contemple a roza e limpeza de todos os terreos e beirarrúas, a implantación da rotación no aparcamento disuasorio de Pontepedriña e a ordenación dos espazos existentes en aras a optimizar as posibilidades para o aparcamento de vehículos, todo iso coa finalidade de potenciar a mobilidade peonil e os valores ambientais existentes.

E non sendo outro o obxecto da reunión o Sr. Alcalde-Presidente deuna por finalizada sendo as 18:35 horas do día da data, do que, como secretario, dou fe e certifico.

O alcalde-presidente,
Asdo: Martiño Noriega Sánchez

O secretario xeral do pleno,
Asdo: José Ramón Alonso Fernández